

NON MÁIS EXCUSAS

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

0 NO MÁIS EXCUSAS**Obxectivos:** Detectar as ideas previas do alumnado.

Reflexionar e debater sobre o tema poñendo de manifesto a diversidade de opinións e argumentos.

Descrición: Reflexión individual e debate en grupo a partir dunhas preguntas propostas polo profesorado e da observación das imaxes da portada.**Orientacións:** Trátase de facer que cada alumno o alumna reflexione e argumente as súas opinións. En función das opinións expresadas individualmente, o grupo clase dividirase en dous e cada grupo, por separado, buscará datos que apoién as súas ideas e fará un resumo, para posteriormente levar a cabo o debate. O profesorado pode modificar, ampliar ou reducir as preguntas segundo as características do grupo clase, así como optar por un traballo anterior nun pequeno grupo ou pasar directamente a un debate aberto co grupo clase. É importante explicarlle a todo o grupo que non se trata dunha guerra entre nenos e nenas e que é básico que haxa respecto.**1** NA MIÑA FAMILIA**Obxectivo:** Reflexionar sobre o traballo doméstico e a pouca valoración social que ten.**Descrición:** Elaboración dun horario coas actividades dos membros da familia durante un día laborable.**Orientacións:** A partir da comparación dos diferentes horarios elaborados polos alumnos e alumnas, reflexionarase sobre o traballo doméstico e su poca valoración social. O profesorado pode incidir na diversidade de situacións dadas, así como facer fincapé en que algunhas nais cobran un soldo por levar a cabo ese traballo, mentres que o que realizan no propio fogar non se lles valora. Tamén se pode facer observar que as mulleres que traballan fóra da casa adoitan ter unha dobre xornada laboral.**2** AS MULLERES LEVAN O PESO DO FOGAR**Obxectivo:** Comprobar a participación desigual de homes e mulleres nas tarefas domésticas.**Descrición:** Lectura e interpretación de datos estatísticos e debate sobre o tema.**Orientacións:** Pódese realizar algunha gráfica para poder ler os datos con maior claridade. Tamén sería conveniente contrastar as estatísticas coa realidade familiar do alumnado.**3** SALARIOS DIFERENTES PARA HOMES E MULLERES**Obxectivo:** Comprobar a marxinação e a participación da muller na economía doméstica e do país, nos países subdesenvolvidos.**Descrición:** Elaboración dunha gráfica de barras a partir de datos estatísticos sobre a proporción de traballo realizado por homes e por mulleres nas zonas rurais de África.**Orientacións:** Hanse de observar algúns datos como exemplo e elaborar unha gráfica de barras. A intención é poñer de relevo que a marxinação por razón de sexo dáse tanto nos países ricos como nos pobres pero que, nestes últimos, a carga que recae sobre a muller é máis dura.**4** NAS ZONAS RURAIS DE ÁFRICA AS MULLERES SON IMPRESCINDIBLES PARA A ECONOMÍA**Obxectivo:** Comprobar a marxinação e a participación da muller na economía doméstica e do país, nos países subdesenvolvidos.**Descrición:** Elaboración dunha gráfica de barras a partir de datos estatísticos sobre a proporción de traballo realizado por homes e por mulleres nas zonas rurais de África.**Orientacións:** Hanse de observar algúns datos como exemplo e elaborar unha gráfica de barras. A intención é poñer de relevo que a marxinação por razón de sexo dáse tanto nos países ricos como nos pobres pero que, nestes últimos, a carga que recae sobre a muller é máis dura.

5 EN ÁFRICA AS MULLERES LEVAN O PESO DA ECONOMÍA DOMÉSTICA

Obxectivo: Concienciar sobre o papel da muller na economía doméstica dun país africano.

Descrición: Introdúcense as preguntas de reflexión a través da análise dunha banda deseñada que amosa a vida dunha muller africana nun poboado rural.

Orientacións: Trátase de realizar un debate sobre a banda deseñada. Posiblemente ó alumnado pareceralle un pouco esaxerado, pero responde a unha realidade bastante xeneralizada no mundo rural africano. A idea que se quere transmitir é a de discriminación e inxustiza, moito máis ó tratarse dun contexto familiar, no que as situacións de xustiza son máis fáciles de entender e crear.

O alumnado, indirectamente, fará unha comparación coa súa propia situación familiar. Quizais vexa que a situación non é tan extrema pero que igualmente se segue mantendo a discriminación.

6 ALGUNHAS CAUSAS DA MARXINACIÓN DA MULLER

Obxectivo: Identificar algunhas das causas e consecuencias da marxinação da muller.

Descrición: Lectura dun texto no que se subliñan as ideas coas que se está de acordo e en desacordo.

Orientacións: A partir das ideas aportadas polo alumnado, debaterase na clase sobre as causas e as posibles consecuencias da marxinação da muller. No texto apúntanse algunhas ideas, pero o profesorado pode facer aparecer outras recollendo puntos de vista do alumnado.

7 ¿QUE PODEMOS FACER?

Obxectivo: Reflexionar sobre as posibles actuacións e formas de implicación do alumnado na busca de solucións para evitar a marxinação da muller.

Descrición: Reflexión en grupos sobre posibles actividades que se poden realizar para atopar solucións á marxinação da muller e desenvolvemento dalgunha das propostas.

Orientacións: Cada grupo encárgase de reflexionar desde un ámbito distinto, como se fose unha simulación. Indirectamente, o alumnado está proxectando as súas solucións a outros colectivos, co que en principio se intenta que asuman que as actuacións han de ter unha dimensión social. Para que a aprendizaxe do alumnado teña incidencia no seu contexto, conviría realizar algunha das propostas que estean relacionadas co ámbito escolar e o familiar. Durante todo o proceso deberíase incidir no reparto de responsabilidades fuxindo dos estereotipos.

8 O QUE APRENDÍN UTILIZAREINO PARA DESEÑAR UNHA NOTICIA

Obxectivos: Reflexionar sobre o aprendido e sintetizar as ideas máis importantes.

Descrición: Deseño dunha noticia que recolla nos seus diferentes elementos as ideas máis importantes.

Orientacións: Trátase de deseñar, en grupo, unha noticia utilizando todo tipo de material (fotos, prensa...) pero asegurando que se sintetizan as aprendizaxes máis significativas.

G L O S A R I O

FEMINIZACIÓN DA POBREZA

Tendencia ó aumento da incidencia e prevalencia da pobreza entre as mulleres.

SEGREGACIÓN NO TRABALLO/ NO EMPREGO

Concentración de mulleres e de homes en tipos e niveis diferentes de actividade e de emprego, onde as mulleres se ven confinadas a unha gamma máis estreita de ocupacións cós homes (segregación horizontal), e a postos de traballo inferiores (segregación vertical).

TRABALLO NON REMUNERADO

Traballo que non conleva remuneración directa ou outra forma de pagamento.

TRABALLO REMUNERADO

Traballo polo que se recibe unha remuneración en metálico ou en especie.

3º Ciclo de Primaria

NON MÁIS EXCUSAS







Autor: José Palos



1

NA MIÑA FAMILIA

Observa as actividades da túa familia. Fai o horario con todo o que fan nun día normal cada un dos seus compoñentes. Observa os resultados.

	Eu				
					
					
					
					

¿Levan a cabo o mesmo tipo de actividades? ¿Cales son diferentes? ¿Cales teñen que ver coas necesidades de toda a familia? ¿Todos lles dedican o mesmo tempo?

2

AS MULLERES LEVAN O PESO DO FOGAR

Observa estes datos sobre a participación das mulleres e os homes nos traballos de casa. ¿Quen dedica máis horas? ¿A que traballo dedican máis tempo os homes? ¿Que traballos parece que se consideran máis propios para mulleres? ¿Paréceche lóxico?

Tempo medio dedicado diariamente en España ó traballo doméstico, segundo o sexo da persoa interrogada (en minutos)

Actividade que realizan	Homes	Mulleres
Limpeza do fogar	67	210
Cociñar	50	114
Fregar os pratos	30	56
Coidado dos nenos	102	121
Coidado da roupa e do calzado	35	102
Coidado das plantas e animais	42	41
Compra de alimentos e produtos de limpeza	104	181
Pequenos arranxos da casa	87	33
Mantemento do vehículo	79	24
Xestións en bancos e administrativas	72	60

Fonte: Lucila Fink. "O reparto do traballo doméstico na familia" CEAPA (www.ceapa.es).

No caso de que os dous traballen fóra da casa, ¿cres que esta dedicación é xusta? ¿Por que? ¿Coinciden cos resultados dos horarios da vosa familia?

3

SALARIOS DIFERENTES PARA HOMES E MULLERES

Observa os seguintes datos e comentade entre todos. ¿Que che parece? ¿Por que cres que se lles paga menos ás mulleres? ¿Cantas horas debería traballar a muller máis có home para cobrar o mesmo?

Media de salario/hora, en España, por sexo no sector empresarial

	Salario medio por hora
Homes	10,41 euros
Mulleres	7,29 euros

Enquisa de salarios na industria e os servizos INE
4º trimestre 2000

Pensa noutras situacións ademais do fogar e do traballo, ¿en que cres que se discrimina ás persoas polo seu sexo?

4


NAS ZONAS RURAIS DE ÁFRICA AS MULLERES SON IMPRESCINDIBLES PARA A ECONOMÍA

Este cadro recolle algunhas das tarefas da muller africana no traballo do campo. Observa estes datos e fai unha gráfica de barras. ¿Que che parece esta repartición do traballo?

PROPORCIÓN DE TRABALLO REALIZADO POLA MULLER EN ÁFRICA (%)

Traballo	Muller	Home
Preparación do solo de cultivo	5	95
Sementeira	70	30
Transporte de alimentos	80	20
Leña e auga	90	10
Alimentación da familia	95	5

Fonte: "Mulleres no mundo rural". Hegoa, 1996



EN ÁFRICA AS MULLERES LEVAN O PESO DA ECONOMÍA DOMÉSTICA

Le o seguinte texto:

"Un enfermo do poboado vai ó médico:

MÉDICO: ¿Que lle sucede?

ENFERMO: Non me atopo ben, debe ser que traballo moito.

MÉDICO: ¿En que traballa vostede?

ENFERMO: Son agricultor

MÉDICO: ¿Ten fillos?

ENFERMO: Si, dos doce nados que tivo a miña muller, sete están vivos. Tiven sorte.

MÉDICO: ¿A súa dona traballa?

ENFERMO: Non, ela coida da casa e dos nenos.

MÉDICO: Claro, agora xa entendo. Vostede fai todo o traballo duro. ¿Que fai a súa dona?

ENFERMO: Pois érguese ás catro da mañá para ir buscar auga, leña, acender o lume, preparar o almorzo e limpar a casa.

MÉDICO: ¿E xa está?

ENFERMO: Si...Ben, fai algo máis. Despois vai ño río lavar a roupa, outros días ten que ir ó muíño a moer ou vai á aldea cos nenos a vender o que colleu no campo e de paso merca o que precisamos. Cando acaba volta á casa e faime a comida.

MÉDICO: ¿Vostede vai comer á casa?

ENFERMO: Non, ela lévame a comida pois o campo está a só tres quilómetros. E xa que está alí, queda no campo para quitar herbas e regar. Entón eu xa me vou a facer cousas de negocios á aldea e a tomar algo cos meus amigos.

MÉDICO: ¿E despois que fai vostede?

ENFERMO: Pois á tardiña voume á casa a comer a comida que me preparou a miña muller. Despois xa me vou á cama.

MÉDICO: ¿E a súa dona tamén se vai durmir?


ENFERMO: Non, ela aínda non pode, aínda ten cousas que facer na casa.

MÉDICO: Pero, ¿non dicía que a súa dona non traballaba?

ENFERMO: Pois non, ela encárgase da casa. Eu si que traballo no campo.

MÉDICO: ¿E ela non está enferma?

ENFERMO: Pois supoño que non. ¿Por que vai estar enferma? Non llo pregunto. Como sempre está na casa e eu traballando no campo.



Este texto relata a vida dunha muller africana dun poboado rural. ¿Quen dirías que leva o peso máis importante da economía familiar? ¿Que che parecen os razoamentos que dá o enfermo? ¿Atopas algunha relación entre o texto e os datos da pregunta anterior? ¿Que reflicten os dous?

6

ALGUNHAS CAUSAS DA MARXINACIÓN DA MULLER

Le este texto. Anota no cadro inferior, na parte esquerda, as ideas coas que esteas de acordo e na parte dereita as ideas coas que non esteas de acordo. Comentade entre todos.

Ó longo da historia, a muller foi marxitada da participación na vida política, nas empresas e, en xeral, nos lugares onde se toman as decisións.

Esta situación de marxitación das mulleres, que representan máis da metade da poboación mundial, é inxusta. Algunhas das xustificacións que se dan para marxitar ás mulleres é que son menos fortes, que han de ser nais e coidar dos fillos e fillas e iso será un problema no traballo, que son pouco autoritarias e non saben mandar, que son demasiado sensibles, que teñen pouca capacidade para estudar e dominar coñecementos técnicos, que deixan os estudos antes, etc. ¿Non vos parecen un pouco estraños todos estes argumentos?

Esta marxitación da muller nos países ricos é unha inxustiza. Vai en contra dos Dereitos Humanos e prexudica o desenvolvemento de todas as mulleres e o desenvolvemento de todo un país. Pero no caso dos países máis pobres a marxitación é máis grave, posto que as mulleres teñen un acceso mínimo á alimentación, á saúde, ó ensino, ó traballo pagado, etc. E ó mesmo tempo han de asegurarlle todo isto á súa familia.

As persoas, á marxe de que sexan mulleres ou homes, somos diferentes e temos diferentes capacidades. Por iso cada unha ha de poder colaborar na mellora da nosa sociedade segundo as capacidades que teña.

Estou de acordo	Non estou de acordo

7

¿QUE PODEMOS FACER?

En pequenos grupos, pensade no que se pode facer para cambiar esta situación de marxinación da muller desde:

O goberno

Os lugares de traballo

A escola

Algunhas ideas: programas de radio, cartas, carteis, charlas a familias ou compañeiros, colaborar con..., respectar máis a... Engadide outras que se vos ocorran.

A familia

8

O QUE APRENDÍN UTILIZAREINO PARA DESEÑAR UNHA NOTICIA

Propoñémosvos que por grupos deseñedes unha noticia para a TV na que presentedes o problema que se tratou, algunhas causas, algunhas consecuencias e algunhas posibles solucións.

